



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA O DESENVOLVEMENTO
DO PROGRAMA “ACOUGO” NO PROXECTO HOME DE ATENCIÓN,
REHABILITACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS.**

Santiago de Compostela, a 2 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.



Doutra parte:

Don Ramón Gómez Crespo, director de Proxecto Home Galicia, actuando en nome e representación da Fundación Monte do Gozo, con NIF G15258213, como se acredita na escritura de apoderamento do 28 de novembro de 2002, outorgada ante o notario Enrique Rodríguez Mat co numero 4.934 do seu protocolo.



As dúas partes, no nome e representación co que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

[Handwritten signatures]



MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a Fundación Monte do Gozo, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-160, desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Proxecto Home Galicia, distintos programas de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas, que teñen un modelo teórico de intervención común, deseñado como unha consecución de etapas ou fases e determinante para que a persoa usuaria acade a súa rehabilitación e integración sociolaboral, que son:

- Avaliación e diagnose, durante un período de 3-4 días.
- Motivación – Integración, durante un período de 3-5 meses.
- Coñecemento e desenvolvemento persoal, durante un período de 6 meses.
- Reinserción social, durante un período de 8-10 meses.

Cada programa, dependendo do tipo de adición e do perfil psicosocial da persoa usuaria, ten unhas características estruturais diferenciadas que permiten unha abordaxe integral e individualizada das distintas problemáticas. Isto implica unha intervención globalizada que considera a persoa ligada ao seu contexto social, polo que este itinerario educativo-terapéutico é preciso relacionalo co desenvolvemento e coñecemento da propia identidade.

Ante a diversidade e heteroxeneidade dos factores que determinan a problemática da persoa adicta, resulta conveniente adoptar perspectivas multidisciplinares, implicando e interrelacionando aspectos sociais e individuais, para o que é preciso contar cun equipo de profesionais versátil, que interveña holisticamente para garantir a integralidade das actuacións.

SEGUNDO: Que Proxecto Home desenvolve en Vigo o Programa “Acougo” dirixido a persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual.

A “Patoloxía Dual” ou “Diagnóstico Dual” é a concorrencia nunha persoa dun trastorno por abuso de substancias psicoactivas e calquera outro trastorno psiquiátrico asociado, sendo os máis comúns a esquizofrenia, o trastorno límite de personalidade, o trastorno bipolar e o trastorno obsesivo compulsivo.

Persoas con este perfil presentan maior deterioro a todos os niveis polo que non responden a tratamentos convencionais o que fai imprescindible abordar esta problemática dun xeito integral, estruturado e prolongado no tempo.

O risco de exclusión social das persoas con Patoloxía Dual é moi elevado, particularmente, no referente á incorporación ao mundo laboral e na súa participación nun ocio saudable.

É fundamental a participación da familia ao longo de todo o proceso, facilitando unha formación axeitada relacionada coa Patoloxía Dual, que garanta a súa comprensión e a execución do seu rol de xeito eficaz.



TERCEIRO: Que a Consellería de Política Social, de conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

CUARTO: Que, no exercicio destas competencias, considérase esencial establecer unha liña de colaboración a través de convenio coa Fundación Monte do Gozo, para desenvolver medidas e accións encamiñadas á inserción sociolaboral co obxecto de minguar, na medida do posible, as consecuencias sociais asociadas ao consumo de substancias adictivas, propiciando un apoio efectivo cara a integración social e laboral deste colectivo.

A suscripción deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A concesión directa da axuda prevista neste convenio xustifícase por estar recollida nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, de acordo co establecido no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Monte do Gozo para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á inserción sociolaboral de persoas con Patoloxía Dual, a través do Programa "Acougo".

SEGUNDA. Contido

A colaboración centrarase no sostemento dos servizos e accións que se desenvolven e no apoio para persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual que a Fundación Monte do Gozo presta en Galicia, na cidade de Vigo.

Esta fase desenvólvese, preferentemente, en réxime residencial, aínda que é posible que determinadas persoas, segundo a súa evolución, sexan tratadas en réxime ambulatorio ou semi-residencial, tendo por obxecto a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas a tratamento neste programa.

Para estes efectos, establécese o financiamento neto anual do 100% de 9 prazas no Programa "Acougo", a razón de 1.424,50 € mensuais, en calquera dos programas elixibles no marco



deste convenio, que poderá incluír alternativas residenciais, talleres ocupacionais encamiñados á mellora das habilidades e destrezas e actividades enfocadas á consecución da inserción sociolaboral das persoas usuarias do programa.

TERCEIRA. Obrigas da Fundación Monte do Gozo

A Fundación Monte do Gozo asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura do presente convenio:

- 1.- Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio.
- 2.- Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.
- 3.- Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- 4.- Acreditar, no momento da sinatura do convenio e no momento da realización do pagamento, mediante declaración responsable da persoa que ostenta a representación da entidade, que está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente débedas coa Comunidade Autónoma nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- 5.- Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, incluíndo o resultado da auditoría económica realizada pola entidade, requirida pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano xestor do convenio, e do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais dependente da Secretaría Xeral Técnica de Política Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede da Fundación Monte do Gozo está situada en Santiago de Compostela, na Rúa do Cottolengo núm. 2, e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a este enderezo para acadar maior operatividade.
- 7.- Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





8.- Participar nas accións de información e sensibilización relacionadas co obxecto do convenio que, se é o caso, realice a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.

9.- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lendas alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.

10.- Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio. En particular, a Fundación Monte do Gozo comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.

11.- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

12.- Subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

- Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

CUARTA. Orzamento

A concesión das subvencións reguladas neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, na aplicación 2018.12.03.312A.481.1, polo importe global de CIENTO CINCUENTA E TRES MIL OITOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS (153.846,00 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

QUINTA. Gastos subvencionables

A condición de elixibilidade do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio suficiente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a



gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período de elixibilidade excede o prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

Poderanse subvencionar con cargo a este convenio os seguintes gastos:

- 1- Gastos do persoal necesario para a execución das actividades. Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e IRPF así como as axudas de custo.
- 2- Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade como: subministración de auga e saneamento, gas, carburante, luz, telefonía, mantemento e reparación de vehículos, formación, ...

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos de investimento, tales como merca de vehículos, de equipos frigoríficos, de mobiliario, etc.

SEXTA. Forma de xustificación e pagamento

1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. O pagamento efectuarase previa presentación dos documentos xustificativos de gasto que permitan acreditar o cumprimento do obxecto do convenio.
3. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 14 de decembro de 2018. Non obstante, o órgano xestor do convenio poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de pechamento do exercicio 2018.
4. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación, acreditándose este pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, e asinados pola entidade beneficiaria.

5. O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que a Fundación Monte do Gozo xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes



libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

SÉTIMA. Documentación para xustificar as axudas

1. A xustificación destes libramentos parciais realizarase mediante a presentación de:

- a) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do seu pagamento.
- c) Nóminas do persoal responsable das actuacións e os xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social e do IRPF, así como o número e datos das e dos traballadores que van ser responsables da fase subvencionada, así como as substitucións ou rotacións que se produzan, que deberán ser comunicadas nun prazo de dez días a contar desde a data na que teñan lugar.
- d) Relación codificada das persoas usuarias do programa, na que se indicará a fase e o centro nos que se atopan.

2. Antes de facer efectivo o 20% restante, a Fundación Monte do Gozo deberá presentar a seguinte conta xustificativa:

- a) Memoria de resultados que recolla os programas e actividades realizadas obxecto deste convenio.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, xunto coa documentación xustificativa descrita para os libramentos parciais e ademais estes outros:
 - Balance en que se reflicta a totalidade dos ingresos e gastos correspondentes á actividade obxecto do convenio.
 - Declaración que conteña unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Declaración responsable que acredite a finalización das actividades programadas.





OITAVA. Obtención doutras axudas

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas no presente convenio.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

NOVENA. Funcionamento

O funcionamento, en canto a programas de prevención, acollida, apoio, reinserción social, formación, investigación ou de calquera área de intervención levado a cabo en materia de benestar social pola Fundación Monte do Gozo terá que estar coordinado coa Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social. Se a dita fundación pon en marcha outros programas, ademais dos establecidos no marco destes plans, serán postos en coñecemento da Dirección Xeral de Inclusión Social. Con esta finalidade presentará un proxecto que constará, polo menos dos seguintes apartados:

1. Denominación
2. Poboación á que se dirixe
3. Obxectivos que se pretenden acadar
4. Actividades que se realizarán e metodoloxía que se vai utilizar
5. Recursos materiais e humanos necesarios para levalo a cabo
6. Sistema de avaliación cuantitativa e cualitativa

DÉCIMA. Comisión de seguimento

Crease unha Comisión Mixta paritaria para a avaliación e seguimento das accións estipuladas, que será integrada por dúas persoas en representación da Dirección Xeral de Inclusión Social, Consellería de Política Social e dúas persoas en representación da Fundación Monte do Gozo.

Esta Comisión Mixta, presidida por unha das persoas representantes da Dirección Xeral de Inclusión Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e resolverá os problemas de interpretación do convenio que poidan xurdir.

Realizarase unha avaliación cuantitativa e cualitativa de todos os programas obxecto do convenio para determinar sistemática e obxectivamente a pertinencia, eficiencia, eficacia e



impacto de todas as actividades á luz dos seus obxectivos para mellorar a intervención e para unha planificación máis satisfactoria.

DÉCIMO PRIMEIRA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o seu obxecto, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. Duración

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2018.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

DÉCIMO TERCEIRA. Causas de resolución. Reintegro e suspensión

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora, un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.

d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a concesión.

e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.

- f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.





2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. Por razón de interese público, a Consellería de Política Social poderá suspender a execución do convenio.

DÉCIMO CUARTA. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.


DÉCIMO QUINTA. Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición,, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



DÉCIMO SEXTA. Inclusión no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e confidencialidade dos datos

A sinatura deste convenio leva implícita a autorización da entidade para a inscrición no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e a súa publicación, de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.





De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO SÉTIMA. Protección de datos de carácter persoal

1. A Fundación Monte do Gozo obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei.
2. Ambas as partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio e serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión de servizos sociais. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politicassocial@xunta.gal.

DÉCIMO OITAVA. Publicidade no Portal da Transparencia e Goberno Aberto

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.


E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano e rubricano, por triplicado, no lugar e na data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Política Social



José Manuel Rey Varela

O director de Proxecto Home Galicia



Ramón Gómez